

UNHA NOITE SEN SABER NADA

1531

Payal Kapadia, 2021

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2025 | V.O.S.E. | +12 | 95 min

Nalgún lugar da India, L, unha estudante de cinema, escribe cartas ao seu amante ausente. A súa voz entrelázase con imaxes e fragmentos de retazos de vida —festas, encontros, manifestacións populares— que revelan un mundo en sombras, atravesado por mudanzas radicais. O filme mergúllanos nos medos, desexos e recordos dunha xuventude en rebeldía, ansiosa de liberdade.

«Extraordinaria e potente mestura de documental político e filme ensaio. É un testemuño elegante, refinado e poético»

Diego Lerer, MICROPSIA CINE



Un patchwork audiovisual sobre a loita e a identidade

Por Diego Batlle

Ensaio epistolar, diario íntimo, película de arquivo, aposta política con reminiscencias do agit-prop, filme experimental... Todo iso convive neste fascinante e esixente traballo da moza directora india Payal Kapadia.

O punto de partida —así se nos explica— é unha caixa con cartas, recortes de diarios, flores secas e debuxos atopada nunha habitación dun dormitorio do Film & Television Institute of India (FTII) e pertencentes a unha tal L. Se hai algo de autobiográfico no asunto (Kapadia é egresada desa universidade estatal) é algo que nunca se aclarará.

O certo é que todo comeza coa historia dun amor imposible porque L. ama a H. e H. ama a L., pero como son de castas moi distintas esa relación xamais será consentida. É máis, os encontros furtivos poden ser castigados coa morte e de feito os denominados “asasinatos de honra” e as violacións a nenas musulmás serán parte do relato.

Cal é, daquela, o eixo deste documental? Concentrarase máis no político, coas masivas protestas no FTII e en moitas outras universidades por parte de estudantes “revolucionarios” contra o goberno “fascista” e a reacción oficial contra os “terroristas” (as comiñas teñen que ver con como se denomina a cada sector no filme). Os discursos, os enfrontamentos, a represión policial, o encarceramento dos líderes estudantís... Un auténtico bulebule fílmico.

Con maioría de imaxes en branco e negro (aínda que hai algunhas pasaxes en cor e en sepia de arquivos familiares), Unha noite sen saber nada apela de forma permanente á voz en off (as cartas de L. durante un período de cinco anos nas que expón os seus medos, as súas angustias, os seus soños frustrados) e a sons moitas veces construídos en postproducción, que non necesariamente coinciden co que as imaxes mostran. O resultado é un patchwork audiovisual sobre a loita, a identidade e a memoria fascinante pola historia que conta e de corte experimental nos recursos que utiliza. Sen dúbida, unha das revelacións de Cannes 2021.

Publicado en otrosocines.com